

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Foro de Santiago de Compostela

(28.VI.2012, 20:00 H. Fundación Novacaixagalicia, Rúa do Vilar)

Intervintes:

- Prof. Rita Radl-Philipp (Catedrática de Socioloxía, USC).
- Dra. Dolores Monteagudo (Sociedade Galega de Xerontoloxía. Prof. da Universidade *Fernando Pessoa* do Porto).
- Dr. Manuel Macía Cortiñas (Xefe de Obstetricia do CHUS).
- D^a Marinha Cavaleiro (Asociación Mámoa).

Moderador:

- D. Luís Pousa (*El Correo Gallego*).

Logo da presentación por D^a M^a Xosé Fernández (MPG-IEI) e da introdución de D. Luís Pousa, ábrese unha breve rolda de intervencións dos convidados.

A Prof. Rita Radl-Philipp enceta subliñando a faceta socialmente positiva da alta esperanza de vida da poboación galega. Pola contra, salienta como grave problema a baixísima taxa de fecundidade de Galicia, que é unha das máis baixas do mundo e por conseguinte tamén de Europa.

Para explicar o fenómeno da escasa fecundidade galega, a Prof. Radl-Philipp pon o acento nunha tese sociolóxico-feminista: nas últimas décadas mudou o rol social das mulleres coa súa incorporación ao mercado de traballo. Dado que as mulleres aínda veñen asumindo os labores de coidado no seu entorno familiar, cara aos seus proxenitores e aos seus propios fillos, a carga de traballo que afronta a muller (traballo profesional + traballo familiar) medra considerablemente. Ao carecer de apoios, a resposta natural das mulleres tradúcese en controlar a natalidade. Daquela, mentres non mude o rol tradicional dos varóns no que atinxe ao coidado familiar, as mulleres non terán máis fillos.

De seguido intervén o Dr. Manuel Macía. O Dr. Macía comeza expondo que cómpre garantir os dereitos reprodutivos das familias e que os poderes públicos non interfiran neses dereitos, que deben estar presididos pola liberdade individual. Engade que cando os poderes públicos interveñen nun senso ou noutro (políticas natalistas / políticas de control da natalidade) sempre se producen efectos indesexados, como o desequilibrio numérico entre nenos e nenas nados.

Por outra banda, o Dr. Macía incide como técnico en que cómpre desfacer o mito de que non hai límite de idade para a maternidade, cando é incuestionable que a idade médica óptima para ser nai é a que vai dos 20 aos 30 anos. Neste senso chama a atención en que a media de idade das mulleres primíparas en Galicia é de 32 anos, que considera a máis alta de Europa. Por conseguinte subliña a importancia de transmitir unha información veraz á sociedade fronte a idea mercadotécnica ou mediática da inexistencia de límites de idade máxima para ser nai.

D^a Marinha Cavaleiro explica logo que os intres de nacer e de morrer son os máis importantes na biografía de calquera ser humano. Por iso o valor dunha sociedade debe avaliarse considerando como trata aos seus cidadáns neses dous intres capitais. Dende a Asociación que representa aprecian a existencia dunha discriminación social sutil, anque brutal e abafante, contra as mulleres que deciden ser nais e desenvolverse como nais. Cita como exemplos a protocolización dos partos, que se dan nun ambiente pouco afectivo, mesmo separando ao meniño da nai, cando tódolos mamíferos precisan dese primeiro contacto, tan intenso emocionalmente. Tamén cita como exemplo a explotación da imaxe do peito feminino, lonxe do que é a súa función biolóxica natural. Remata salientando a existencia dunha discriminación laboral xeneralizada contra as nais, reais ou potenciais, que só rematará cando a sociedade sexa capaz de valorar, mesmo economicamente, a relevancia da maternidade.

Remata a rolda das primeiras intervencións a Dra. Dolores Monteagudo. A Dra. Monteagudo resalta que vivimos nun momento histórico inédito, por mor da xeneralización e democratización do avellentamento. Sen embargo, tratándose dun éxito social colectivo, tamén

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

aprecia a concorrencia de certo axeísmo –rexeitamento á vellez ou discriminación contra os vellos-, o que leva a que a sociedade experimente certa esquizofrenia fronte ao fenómeno do avellentamento. Con todo hai que asumir tamén o que conleva este fenómeno, como é a agudización das enfermidades crónicas a partires dos 70 anos e os crecentes custes de hospitalización nos anos previos á morte dos anciáns, para o que a sociedade ten que comezar a prepararse. Subliña tamén que temos que investir máis en prevención de patoloxías asociadas á vellez, partindo de que a idade cronolóxica non se pode alterar, pero si a idade biolóxica mediante un avellentamento activo, que reforce os sistemas inmunitario e nervioso das persoas. Os anciáns temen menos á enfermidade que a depender doutros, por non valerse por si mesmos.

Concluída a rolda das intervencións iniciais, o moderador, D. Luís Pousa, pasa a dirixir preguntas aos diferentes intervinentes no Foro, que tamén son abertas á resposta de todos eles. Pregúntaselle así á Prof. Radl-Philipp se pode explicar que factores terían desencadeado a rápida degradación da situación demográfica galega por mor da súa escasa fecundidade. A Prof. Radl-Philipp resposta que a principal causa atópase no éxito no control da natalidade polas mulleres, para poder avanzar social e profesionalmente xa que non se valora a súa maternidade. Sen embargo, co tempo as propias mulleres van vendo que non poden controlar con igual éxito o que acontece cos seus proxenitores, estando moitas forzadas a abandonar o mercado laboral ou a postergar as súas carreiras profesionais para atender aos seus pais. Este modelo é insostible no tempo, polo que debe xeneralizarse a flexibilidade laboral e profesional, a fin de que as mulleres non sigan sendo penalizadas por coidar as súas familias. Ademais hai que incrementar o compromiso dos varóns no coidado familiar, que en Galicia só empeza a ser asumido cando estes varóns pasan a ser xubilados.

O Dr. Macía concorda coa Prof. Radl-Philipp, pero salienta que iso non explica *per se* o por que en Galicia caeu tan abruptamente a fecundidade, fronte a outros países europeos. A tese da Prof. Radl-Philipp diante deste agudo grao de deterioro da fecundidade galega radica na rápida transición da nosa estrutura social, que perde as redes de apoio do modelo rural sen chegar a construír as novas redes de apoio dunha sociedade plenamente urbanizada, polo que pode catalogarse de semi-rural ou semi-urbana, así como pola escasa presenza de inmigrantes novos, que adoitan ter máis fillos que os autóctonos grazas ás súas distintas pautas culturais de orixe.

A Dra. Monteagudo intervén para salienta que, ademais, a sociedade galega ten que aprender a valorizar o coidado dos anciáns sen institucionalizalos masivamente. Para iso hai que formar aos coidadores, e estes teñen que comezar tamén a ser valorados social e economicamente polo resto da sociedade.

D^a Marinha Cavaleiro subliña pola súa banda que en Galicia rompeuse o modelo de familia ampla ou extensa, cando o ser humano está afeito a vivir e desenvolverse nunha rede familiar máis grande, que facilita o coidado aos nenos e aos anciáns.

Conclúe a Prof. Radl-Philipp manifestando que as mulleres tamén teñen que ceder espazo aos varóns no eido do coidado familiar, asumindo que han ceder parte do propio poder social que conleva a maternidade.

D. Luís Pousa cuestiona de seguido que tipo de políticas ou modelos se deben aplicar daquela en Galicia para incrementar a fecundidade.

A Prof. Radl-Philipp enfatiza que hai que xeneralizar e incrementar o apoio económico ás familias, comezando mesmo por valorar economicamente o que aporta a fecundidade ao conxunto da sociedade.

A Dra. Monteagudo matiza que ademais dese apoio económico ás familias hai que evitar que as nais non sexan penalizadas no desenrolo das súas carreiras profesionais.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

D^a Marinha Cavaleiro pon o acento na necesidade de incrementar a duración do permiso maternal, que pola súa breve duración é anti-natural para o coidado dos meniños. Asemade, considera fundamental xeneralizar a existencia de garderías nos centros de traballo.

O Dr. Macía tamén estima necesario incrementar o apoio socioeconómico, pero desexa lembrar que resulta igualmente fundamental aumentar a consideración social da familia. Observa que o noso país oscila historicamente entre extremos contrapostos, mudando aceleradamente. Pasamos en moi poucas décadas de considerar anómalo ter menos de catro fillos, a ver como sospeitoso ter máis de dous fillos, como se un pai con máis de dous fillos fose membro dunha seita.

A Dra. Monteagudo estima que para superar o problema da escasa fecundidade galega hai que comezar a pensar a longo prazo, asumindo que as políticas implementadas por un goberno só van dar froito cando xa gobernen outros responsables.

A Prof. Radl-Philipp insiste en considerar capital a incorporación dos varóns ao coidado familiar, mesmo coa imposición adicional de permisos masculinos obrigatorios e non transferibles ás mulleres, tese coa que concorda D^a Marinha Cavaleiro, e intensificar a flexibilidade laboral e a xeneralización do teletraballo.

D. Luís Pousa pregúntalle logo ao Dr. Macía se ao seu criterio a situación laboral incide na fecundidade ou se é a fecundidade a que condiciona o acceso ao mercado laboral. O Dr. Macía resposta que el observa nestes últimos anos de crise económica unha caída na fecundidade.

A Prof. Radl-Philipp intervén para engadir que tamén é preciso comezar a valorar a capacidade de organización das nais, contrastada na súa compatibilización do traballo profesional co traballo de coidado familiar, o que esixe moita coordinación e hábitos de traballo en rede. Deste xeito mudaríase a consideración social da maternidade como carga negativa, para pasar a ser considerada como un activo positivo a ter en conta. Por iso tamén habería que estimular políticas de promoción socio-laboral cando ademais hai que coidar dos fillos.

D^a Marinha Cavaleiro convén niso, pero manifesta que a realidade é moi distinta, xa que cada vez se despede máis ás mulleres que deciden ter fillos, sendo isto mesmo máis común agora coa recente reforma do marco xurídico-laboral español.

Ao fío destas consideración, cuestiona D. Luís Pousa se se observa unha discriminación ás mulleres cando deciden ser nais. D^a Marinha Cavaleiro resposta categoricamente que esa discriminación existe, e que resulta indubidable no caso das mulleres que traballan como autónomas. En todo caso, esa discriminación contra quen decide ter fillos é xeral e brutal. Saír desta atmosfera discriminatoria só é posible investindo. A Prof. Radl-Philipp recalca pola súa banda que parte dese investimento debe ir destinado a financiar o permiso paterno obrigatorio, para que os varóns comprendan ao cabo a transcendencia do coidado familiar para o desenvolvemento da sociedade.

D. Luís Pousa pregúntalle de seguido ao Dr. Macía sobre o papel da anticoncepción na baixa fecundidade. O Dr. Macía resposta que ese papel é evidente, pero que esa dispoñibilidade de medios anticonceptivos resulta positiva, como xa expuxo. Por outra banda lembra que a baixa da fecundidade tamén ten a súa correspondencia na baixa mortalidade infantil. En calquera caso, engade o Dr. Macía, o relevante é facilitar a libre decisión das parellas, ofertándolles apoios socioeconómicos e incrementando a consideración social de ter fillos.

Despois D. Luís Pousa formúlalle á Dra. Monteagudo unha reflexión sobre a repercusión económica do avellentamento da poboación. A Dra. Monteagudo indica que o incremento do gasto público é innegable, sobre todo no eido hospitalario, anque tamén no socio-sanitario, de maneira especial despois dos 85 anos de idade.

A continuación o moderador, D. Luís Pousa, abre o debate ao público.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Dende o público pregúntase se non inflúe tamén na caída da fecundidade galega a perda do senso de “*familia*”, porque hai moita xente que confunde ter unha casa con ter un fogar.

A Prof. Radl-Philipp resposta que resulta obvio que experimentamos un profundo cambio de valores sociais. Afirmar que non se pode ser pai ou nai se non se asume que hai que facer sacrificios polos demais sen agardar nada en troques. Ser solidario implica dar sen esperar a recibir algo a cambio. Isto semella incompatible co modelo materialista de sociedade que temos. En Galicia adíase ter fillos a ter conseguido un estatus profesional e material, por exemplo adíase a ter vivenda en propiedade. Así, noutros países occidentais é bastante común que os estudantes universitarios decidan ter un fillo mentres cursan os seus estudos. En Galicia en particular, e tamén no resto de España, esta decisión da parella sería mal vista.

D^a Marinha Cavaleiro engade que o modelo capitalista no que vivimos sacrifica valores humanos, que penalizan ter fillos e o seu coidado axeitado.

Dende o público intervénse para afirmar que Galicia vai camiño do suicidio demográfico, anque sexa duro dicilo, polo que cómpre facer unha reflexión en común sobre o noso futuro como sociedade e como país. Non se asume que son os vellos, e sobre toda as mulleres vellas, as que aínda terman do rural galego, pero que esa forza esgótase e non é recoñecida. Afirmase que xa é tempo de tomar medidas, de tomalas agora e de aprender doutras sociedades, como a de Islandia, que resolveu o desafío demográfico doutro xeito, igual que atopou outra saída á crise financeira-económica, cun maior protagonismo das mulleres na esfera pública.

D^a Marinha Cavaleiro salienta asemade a particularidade de Galicia como país asoballado e desmantelado no rural, que se suma a esta problemática da escasa fecundidade.

Dende o público preguntan daquela se o feminismo pode ser importante para solventar o noso problema de baixa fecundidade e se tamén fallan as políticas públicas.

A Prof. Radl-Philipp resposta que iso vese no cambio do rol social masculino experimentado na Europa do norte, anque teña particularidades en Alemaña, cunha baixa fecundidade. Sen embargo, convén indicar que non hai ningún modelo ideal para as mulleres que queren ser nais, xa que tamén son penalizadas profesionalmente alí. De tódolos xeitos, engade, en España ningunha forza política ten tomado en serio o grave problema da nosa baixa natalidade.

Dende o público intervénse para afirmar que as mulleres adaptáronse ao modelo produtivo deseñado polos homes, e que por iso se desvalorizou o rol da muller como nai. A intervinte acredita que ela mesma tivera que deixar de traballar fóra da casa para poder criar aos seus fillos, e aínda por riba víase obrigada a xustificarse fronte a sociedade por non desenrolar unha profesión, xa que esa mesma sociedade non recoñece a súa contribución como nai, nin o traballo que desenvolve como nai.

Ao cabo, sendo xa as 22:00 H., D. Luís Pousa dá por pechado este Foro de Santiago de Compostela, agradecendo a todos as súas intervencións, contribucións e asistencia.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Foro de Lugo

(20.IX.2012, 20:00 H. Centro Sociocultural Novacaixagalicia, Praza de Santa María).

Intervintes:

- D. Jorge Maciñeiras (Asociación Galega de Familias Numerosas, AGAFAN).
- Prof. D. Francisco Sineiro (Profesor de Economía, Socioloxía e Política Agraria da USC).
- D^a Carmen Castelao (Presidenta de TRADIME, Asociación de transportistas de Lugo).
- Dr. D. Bernardino Pardo (Médico de Familia).

Moderador:

- D. Tito Diéguez (*El Progreso*).

Logo da presentación por D. Xosé Manuel González Reboredo (MPG-IEI) e da introdución de D. Tito Diéguez, que salienta o esmorecemento demográfico de Galicia e a falla de conciencia colectiva sobre este problema, ábrese unha rolda de intervencións dos convidados.

A Sra. Castelao comeza advertindo da baixa taxa de fecundidade en Galicia, que vencella a que as mulleres deben seguir asumindo os labores de coidado da familia, a maiores da súa incorporación ó mercado laboral. Ao carecer de apoios externos, as mulleres responden controlando a natalidade. Anque a Sra. Castelao foi nai aos 20 anos e coidaba de seus pais, á vez que traballaba, e puido compaxinar esas responsabilidades con gran esforzo, afirma que hoxe moi poucas mulleres se cuestionan este xeito de vida. Por outra banda, recoñece que moitos empresarios teñen prevencións a contratar a mulleres novas, polo temor ás baixas de maternidade, anque afirma que é un prexuízo infundado, porque as mulleres con fillos son especialmente traballadoras e moi eficaces na organización do tempo de traballo. Non obstante, ten a impresión de que hoxe os mozos galegos teñen outras prioridades, antes de ter fillos, como adquirir unha vivenda e viaxar, adiando a decisión ata que xa é bioloxicamente tarde. En calquera caso, defende que os empresarios galegos teñen que sensibilizarse diante do grave problema demográfico que temos por diante.

O Dr. Pardo enceta a súa intervención centrándose na baixa autoestima de Galicia como país. Os galegos non valoramos abondo a nosa cultura e lingua, a pesares de que a maioría temos as nosas raíces no rural. Fai referencia á percepción deste fenómeno nunha obra de teatro colectiva representada recentemente en Palas de Rei, titulada “Son d’aldea”. Concretando no eido demográfico, manifesta que non ten unha tese precisa sobre por que a xente ten máis ou menos fillos, anque constata que ao mesmo nivel de renda e formación, certos colectivos semellan ser máis prolíficos (p.e. o persoal sanitario) que outros (profesores, pequenos empresarios, ...). Por outra banda, resulta que os pais son agora soportes dos fillos durante máis tempo, ata que os fillos se emancipan xa moi tarde, o que contrasta coas advertencias do FMI, que sentencia que os vellos non son rendibles. O Dr. Pardo conclúe que teme que os galegos rematen como os indíxenas dalgunha tribo do Brasil, que vendo que os colonizadores eran os preferidos dos deuses, decidiron non ter fillos, e logo os últimos superviventes remataron suicidándose para subir onda os seus deuses.

O Sr. Maciñeiras sostén que as familias numerosas galegas poden axudar a superar este problema de derrube da nosa fecundidade. Para iso estima que cómpre, antes de nada, que as familias numerosas sexan recoñecidas socialmente, como contribuíntes que son de xente moza para rexuvenecer á poboación galega. Alude de seguido ao caso francés, como exemplo de éxito a seguir, que detectou o problema cando tiñan unha fecundidade de 1’7 fillos por muller –mentres que Galicia ten 1’1- e conseguiu subir a 2’1 fillos por muller en só catorce anos, grazas á inmigración pero, sobre todo, grazas ás axudas directas ás familias e a unha política seria de conciliación da familia co traballo. Subliña que nas familias numerosas hai unha cultura de esforzo e solidariedade, que explica a súa aposta por ter fillos, pero que en calquera caso é indispensable dispor de axudas externas das Administracións Públicas.

O Prof. Sineiro enceta a súa intervención diferenciando o diagnóstico do problema das propostas para superalo. En canto ao diagnóstico, salienta o grao de avellentamento, a baixa

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

actividade económica, as diferenzas territoriais –moi evidentes en Lugo- e maila reducida diversificación produtiva, así como á escasa incorporación da muller ó mercado de traballo fronte a outros países. De seguir así, Lugo terá p.e. 270.000-280.000 habitantes en 2050, a metade dos que tiña en 1940. Entende o Prof. Sineiro que é moi difícil recuperar unha fecundidade vizosa, xa que nos estudos cualitativos realizados as mulleres valoran a estabilidade económica e de parella previas para ter fillos, algo ás veces difícil de acadar, pero é que ademais hai un grupo importante de mulleres en idade fértil –arredor de 1/3- que afirman non querer ter fillos polas cargas que conlevan e pola falla de apoios externos, sendo conscientes de xeito engadido que xa terán que mirar por seus pais cando sexan anciáns. Ao fío disto, o Prof. Sineiro lembra que cómpre mellorar a asistencia aos anciáns no fogar, por vez de centralalos en macro-xeriátricos. Prosegue indicando que o proceso de avellentamento é dificilmente reversible e que hai que afrontalo. P.e., no caso de Lugo, hai hoxe uns 120.000 pensionistas, 100.000 activos e uns 29.000 desempregados. Tamén resalta a preocupación polo recorte nas escolas rurais, e pola menor calidade do ensino ao agrupar nenos de distintas idades e con diferentes necesidades educativas.

En canto ás súas propostas de actuación, o Prof. Sineiro enumera as seguintes:

- Axudar ás parellas que queren ter fillos, para que se sintan respaldadas pola sociedade.
- Apoiar aos anciáns, mesmo considerando a atención no fogar como un importante nicho de emprego.
- Reactivar a economía con medidas de estímulo –cita o caso de Alcoa en Lugo-.
- Promover actividades de cooperación e axuda mutua, para paliar a dispersión da poboación.
- Dar confianza. Subliña isto porque, nun escenario de recortes sociais, cando menos hai que ofertarlle á poboación un plan de saída da crise e esperanza no futuro. Rememora a Churchill, que non se limitou a prometer sangue, suor e bágoas, senón que se anunciaba ese sacrificio era porque marcaba o camiño cara a vitoria e tiña fe na vitoria, e desta maneira convenceu á poboación británica a traballar unida para superar a meirande ameaza da súa historia.

Rematadas as intervencións dos poñentes, o moderador -Sr. Diéguez- pregunta á mesa se, ao cabo, non se teñen fillos por razóns económicas.

O Dr. Pardo resposta que as axudas son importantes, pero que tamén o é o cambio de mentalidade da poboación, transmitíndolle optimismo.

A Sra. Castelao sostén que, con independencia da economía, a xente nova ten outras prioridades, como saír e viaxar, que son pouco compatibles con ter fillos, e que logo xa son moi maiores para telos, ou para ter máis de un ou dous. Ela, p.e., que ten tres fillos, compróbase nesa nova xeración.

O Sr. Maciñeiras afirma que as axudas económicas son básicas, e que aínda temos moito que aprender de Francia, anque agora en época de crise económica pareza utópico.

O Prof. Sineiro indica que o gasto social aínda é pequeno en España e que debera medrar, pero que, con todo, os restantes factores que inciden no problema da baixa fecundidade galega farán que esta remonte pouco.

Dende o público presente na sala maniféstase que o rural galego foi abandonado a súa sorte, como se ve co peche de escolas e coas concentracións escolares, ou coa clausura da iniciativa “Preescolar na casa”, que rematarán convencendo aos escasos pais do rural de que deben trasladar aos seus fillos cara ás cidades, para que teñan as mesmas oportunidades que os demais nenos. Non é de estrañar así que os nosos vellos teñan que ser coidados por xente que non os entende, que sintetiza a intervinte en expresións como “vamos a la pieza”, cando os queren deitar.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Outra intervención dende o público mantén que os valores dos mozos son moi distintos aos dos maiores, e que neses valores dos novos non entra a importancia de ter fillos. A isto úneselle que os empresarios xa discriminan preventivamente ás mulleres novas por se se animan a seren nais.

Unha intervención adicional dende o público pregunta como se explica que se temos medrado en renda significativamente dende que entramos na Comunidade Europea, por contra afundimos a nosa fecundidade. Dende a mesa, o Prof. Sineiro entende que a explicación pode estar na velocidade das transformacións sociais experimentadas en Galicia, fronte ás transformacións máis devagar noutros países europeos, que levan a retrasar demasiado a idade para ter o primeiro fillo. Tamén no menor respecto aos dereitos da muller recén conqueridos, que adoita ter certa correlación co tamaño da empresa –as ausencias no traballo das nais son menos lesivas nas empresas con grandes cadros de persoal, e destas hai poucas en Galicia-, polo que as mulleres reaccionan limitando a súa maternidade. O Sr. Maciñeiras recalca a falla de percepción social do problema. A Sra. Castelao resposta que a baixa fecundidade, se se ve, vese como un asunto persoal, non colectivo, a pesares de selo. Por último, o Dr. Pardo conclúe que se xa non valoramos o noso, o que é Galicia de seu, tampouco nos ha amolar desaparecer como pobo.

Ao cabo, sendo xa as 21:45 H., D. Tito Diéguez da por pechado este Foro de Lugo, agradecendo a todos as súas intervencións e asistencia.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Foro de Ourense

(27.IX.2012, 20:00 H. Centro de Desenvolvemento Novacaixagalicia, Avda. de Pontevedra, 9).

Intervintes:

- Prof. D. Carlos Ferrás Sexto (Profesor de Xeografía Humana, USC).
- D. José Luis Fernández Celis (Secretario Xeral da UXT-Ourense).
- Prof. D^a M^a Isabel Doval Ruíz (Profesora da Fac. CC. Educación, UVigo, Campus de Ourense).

Moderador:

- D. Miguel Sánchez López (Subdirector de *La Región*).

Principia D. Miguel Sánchez facendo un resumo da situación demográfica de Galicia e resaltando a de Ourense, calificando o panorama como verdadeiramente dramático. De seguido dálle a palabra ao Prof. Ferrás.

O Prof. Ferrás comeza a súa intervención lembrando que o problema demográfico é común a toda Europa pero que, nembargante, no caso galego aparecen unhas singularidades que o fan particularmente grave. Así, as proxeccións demográficas vaticinan que Galicia pode chegar perder ata 750.000 habitantes nos vindeiros anos obxecto de análise. Esta contracción da poboación terá preocupantes repercusións en moitas áreas, como a perda do peso político de Galicia a nivel español ou a perda de vitalidade, coa xeneralización dun conservadorismo conformista que expulse aínda a máis mozos e esvaeza a nosa identidade como pobo. Lembra que Ourense mesmo é unha das provincias máis avellentadas de España.

Nestas circunstancias, prosegue o Prof. Ferrás, a sociedade galega non toma conciencia que está perante dun suicidio demográfico. De aí que Galicia sexa cada vez máis dependente das achegas de fóra para manterse, como acontece coas transferencias da Seguridade Social. Tamén cuestiona se, ao cabo, por mor desta inercia, Galicia rematará diluída noutra entidade territorial.

Mentres Galicia non asuma a gravidade deste diagnóstico suicida tampouco buscará solucións. Constata o Prof. Ferrás que ás portas das vindeiras eleccións autonómicas do 21 de outubro, este asunto non entrou na campaña electoral galega. Por iso tampouco se presenta á cidadanía un proxecto integral de país, como o que presentaran os nosos devanceiros da Xeración Nós, grazas aos que temos hoxe os fundamentos da nosa vixente autonomía política como Comunidade histórica. Neste entorno, ademais, os grupos sociais máis creativos de Galicia estanse acomodando ao *statu quo*, combinando o seu encaixe nas redes clientelares coa pasividade perante do proceso de expulsión de mozos galegos altamente preparados, agravando de xeito engadido a situación de derrube demográfico.

De seguido o moderador, Sr. Sánchez, dálle a palabra á Prof. Doval, quen enceta presentando o problema demográfico galego dende a óptica do ensino con tres imaxes, que atinxen ó impacto da evolución demográfica na educación, ó desmantelamento do ensino rural e á converxencia de factores de inequidade social educativa que afectan aos nenos das familias inmigrantes asentadas en Galicia.

A Prof. Doval fai un resumo de como a evolución demográfica dende os anos 70 do pasado século XX foi impactando no sistema educativo, evolucionando dende aulas masificadas ata aulas con escasos alumnos e, logo, coa chegada masiva de inmigrantes en gran parte de España, anque menos en Galicia. Detalla como para 2050 as caídas do alumnado en Galicia serán considerablemente máis acusadas que no resto de España, e que iso obrigará a cambiar o modelo, tendo que dedicar máis medios á formación permanente de adultos.

Fai fincapé a Prof. Doval no erro de desmantelar o ensino no rural, dando o dato de que nos últimos dous anos pecháronse en Galicia 50 escolas, contribuíndo deste xeito a desertificar aínda máis o rural, forzando ás familias a abandonalo para atender convenientemente aos seus

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

nenos ou, mesmo, forzándoas a non ter fillos, ao ver que non poderán darlle os servizos educativos que merecerían, en pé de igualdade con outros nenos.

Remata a Prof. Doval avaliando se estamos preparados para atender a máis nenos inmigrantes. Nas súas investigacións ten detectado problemas de integración, que requiren mudar as dinámicas de traballo nos centros, e pon como exemplo o caso dunha escola no concello de A Estrada, onde había 18 nenos orixenarios de Marrocos e xurdiran friccións nos patios, que se trasladaban logo ás familias, porque os nenos tiñan tendencia a xogar por separado ou a competir uns contra outros, agrupados pola súa orixe.

Intervén despois o Sr. Celis, que enceta lembrando que padecemos un sistema económico inxusto no reparto da renda e das oportunidades, onde o 1% da poboación acumula máis riqueza mesmo na crise, contra do 99% da cidadanía que asiste a un empobrecemento galopante, tal como observa Joseph Stiglitz, Premio Nobel de economía.

Neste marco, Ourense é o paradigma do problema demográfico galego, marcado por graves desequilibrios territoriais e por un sistema de protección social moi feble, que non é capaz de atender a unha poboación avellentada. Entre as causas, o Sr. Celis subliña o elevado desemprego e a inestabilidade laboral, o incremento dos anos de formación académica para xerar un acceso tardío dos mozos ao traballo, a constante discriminación da muller no mercado laboral, a falla de servizos públicos de calidade para o apoio ás nais e ós pais, e a cativeza ou ausencia de medidas que faciliten realmente a conciliación da vida familiar coa laboral. Para saír desta situación, o Sr. Celis recomenda afondar na busca de oportunidades locais de emprego baseadas nos recursos endóxeos, reformular a política pública de vivenda, investir en servizos sociais como xeradores de emprego, estender a conciliación familiar e laboral e apoiar a tódolos modelos de familia. En calquera caso, ve difícil arranxar a situación demográfica de Galicia sen arranxar antes a situación económica.

Rematadas as primeiras intervencións dos poñentes, o moderador, Sr. Sánchez, pregúntalle ao Prof. Ferrás como é que califica a situación de Galicia como de **“suicidio demográfico”**, xa que semella unha expresión moi forte, e pregúntalle ademais se, como suicidio, implica un acto voluntario da sociedade galega.

O Prof. Ferrás resposta que para entender ese suicidio hai que abordar o problema como fenómeno colectivo, deixando de man as matizacións individuais. O suicidio de Galicia ten tamén que ver co escenario de inviabilidade socioeconómica ao que nos conduce a crítica evolución demográfica do país, que afonda así na súa dependencia.

O Sr. Sánchez incide logo na necesidade urxente de atopar solucións e cuestiona se estamos incapacitados para planificar saídas, como semella tirarse da experiencia de ter presentado no pasado sucesivos plans estratéxicos de recuperación que nunca funcionaron.

O Sr. Celis resposta que nunca se implementan axeitadamente eses plans, e que sempre hai que partir de inxectar recursos para poñer en marcha a economía produtiva, sen esquecer á produción no agro, onde aínda fica moito por facer e mellorar.

Dende o público pregúntase á mesa por que non hai propostas demográficas na campaña electoral e por que non hai un plan de país, como houbo coa Xeración Nós. Os membros da mesa reafirman esta impresión, e apuntan o curtopracismo político. O Sr. Sánchez lembra que dende a sociedade hai iniciativas, como o caso da mobilización cidadá en Vilariño de Conso, que conseguiu atraer habitantes de fóra de Galicia con fillos, o que lles permitiu manter aberta a súa escola, que a Administración autonómica quería pechar.

A Prof. Doval incide en que temos que aprender a planificar a longo prazo, como se fai noutros países, e ter paciencia para ver os froitos.

Dende o público intervénse logo para concordar que é certo que asistimos ao suicidio colectivo de Galicia, pero que os partidos políticos non propoñen nada serio para evitalo e que a sociedade tampouco reacciona diante dese baleiro de propostas.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Dende o público tamén se pregunta se hai modelos a seguir para evitar ese suicidio demográfico. O Prof. Ferrás resposta que os hai, pero que hai que adaptalos á realidade galega, e que o primeiro é concienciar á poboación con iniciativas e actos como este, e logo tecer redes de colaboración para aproveitar tódalas nosas potencialidades, xa que temos moitas oportunidades en eidos como o das enerxías renovables, a produción agraria de calidade, etc. para darlle esperanza á nosa cidadanía.

A derradeira intervención do público suxire que, ademais, se organice o rural dun xeito novo, encetando por prestixialo para facelo atractivo.

Ao cabo, sendo xa as 22:00 H., D. Miguel Sánchez pecha este Foro de Ourense, agradecendo a todos as súas intervencións e asistencia.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Foro de Pontevedra

(29.XI.2012, 20:00 H. Centro Social Novacaixagalicia, R/ Augusto Glez. Besada, 2).

Intervintes:

- Dr. Isidro Lago Barreiro (Xinecólogo. Vicepresidente do Colexio Médico de Pontevedra).
- Prof. D^a Dolores Dopico (Prof. Belas Artes, Univ. Vigo – Campus de Pontevedra).
- D. Vicente García Legísima (Avogado laboralista).
- D^a Carme Freire (Labrega).

Moderador:

- D. Xabier Fortes (xornalista).

Presenta o acto D. Xaime Toxo, Presidente do Ateneo de Pontevedra, que colabora co Museo do Pobo Galego na organización deste acto. Polo Museo intervéñen D. Manuel Vilar, agradecendo ó Ateneo a súa axuda, así como aos intervintes e entidades patrocinadoras.

Enceta logo D. Xabier Fortes realizando unha síntese do grave problema demográfico de Galicia.

Dálle de seguido a palabra ao Dr. Lago, que principia relatando a evolución da socioloxía da natalidade dende que el comezara a súa actividade profesional, en 1978, indicando os fondos cambios sociais experimentados. Relata que dende o punto de vista estritamente biolóxico e fisiolóxico a idade idónea para a maternidade é o intervalo 18-22 anos de idade, e que cando empezou a exercer a medicina o normal era ter os fillos entre os 20 e 30 anos, pero que agora apenas hai partos nesa franxa de idade, abundando entre os 30-40. Ao cabo mantén que a sociedade galega ha axustarse a un novo equilibrio, aínda que con menos nenos, por exemplo ampliando a idade laboral e retrasando as xubilacións, porque se vai gañando esperanza de vida e porque se avellenta en mellores condicións que hai anos. Deste xeito, os axustes e recomposicións dese equilibrio cunha cidadanía máis vella serán constantes.

A Prof. Dopico expón que ela aportará a súa experiencia vital, e sinala que dende que ela nacera, nos 70 do pasado século, os cambios sociais foron enormes, p.ex. retrasando a idade do matrimonio ata consolidar a situación profesional das parellas, o que leva a que moi poucas se propoñan ter fillos denantes dos 32-35 anos. Subliña que ser nai é un acto heroico, porque comporta unha gran responsabilidade non recoñecida e que limita as oportunidades de promoción profesional. Daquela, se se quere incrementar a natalidade en Galicia haberá que promover un maior apoio social, un maior recoñecemento e un cambio cultural, cunha meirande implicación dos homes nas tarefas de coidado familiar.

D. Vicente García Legísima cuestiona si existe discriminación laboral por ser nai ou pai e reclamar o exercicio dos seus dereitos como nai ou pai. Resposta que si, que existe esa discriminación, anque mellorase significativamente a lexislación protectora, e cita diversos instrumentos internacionais e directivas europeas. Non obstante, todos eses avances normativos chocan coa velocidade da normativa que racha o equilibrio entre traballadores e empresas, en beneficio da parte empresarial. De seguido conta casos ilustrativos que chegaron aos tribunais de xustiza, que son moitos menos dos existentes na realidade, porque poucos traballadores se atreven e porque se tardan anos en resolver, con resultados como recoñecer o dereito a unha redución de xornada cando os fillos xa non son meniños ou cativos, que é cando se precisa con meirande urxencia. Ao cabo, á xente despídeselle anque avance a lexislación protectora das nais e pais. En resume, sostén que hai discriminación e problemas para exercer os dereitos vinculados á maternidade ou paternidade (reducións de xornada, permisos de lactación, cambios de quendas, ...).

D^a Carme Freire agradece que se lle dea voz ás labregas neste debate. Conta que as mulleres decidiron fuxir hai 30 anos do rural galego por causas económicas e sociais, que cadraron coa entrada de España na CEE, que provocou pasar de explotacións con policultivos a outras con monocultivos, facéndoa máis febles perante as crises. Enfatiza tamén as causas sociais, non

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

económicas, vinculadas á baixa autoestima e á escasa consideración do traballo das mulleres no rural. As familias amplas que convivían nas casas (avós, fillos, netos, ...) requirían un gran traballo de coidado adicional fornecido polas mulleres novas que ficasen. Ao non existir mecanismos de corresponsabilidade social para coidar de vellos e nenos, e ao limitarse as posibilidades de tecer novas relacións con xente moza, as rapazas fuxían para evitar un destino semellante ao das súas nais, que mesmo as animaban a fuxir. Por estas causas sociais, aínda houbo parroquias nas que non había problemas económicos neses anos, pero nas que as rapazas fuxían igual para evitar ese destino. A consecuencia foi a caída brutal do número de fillos no rural.

Como solucións de futuro, afirma D^a Carme Freire que haberá futuro se encetamos crendo en nós mesmos. En primeiro lugar, apostando pola soberanía alimentaria de Galicia, que dinamizaría a economía e faría máis doado ter fillos, estendéndoa a actividades de servizos no rural, que axudarían a atraer aínda máis poboación. Pon o exemplo da súa aldea de Rois, onde con trece familias xa hai dez nenos e veñen dous máis en camiño. Por outra banda hai que incrementar o compromiso dos homes no coidado familiar, e lembra a iniciativa vixente na Xunta de Galicia antes do 2009 a prol das libranzas dos pais, anque o orzamento fose cativo, cunhas 500 solicitudes e só unhas 100 axudas outorgadas. Finalmente, cómpre que medre a autoestima labrega e tecer redes sociais para nos organizar mellor.

Logo o moderador, D. Xabier Fortes, abre o debate co público. Dende o público ratifícase que en moitas bisbarras de Galicia houbo unha fuxida das mulleres, ficando sos homes casadeiros sen posibilidade de casar. Tamén se cita o exemplo da Bretaña francesa, onde os vinculeiros, a pesares de ter unha boa posición económica, remataban casando con mulleres de Madagascar perante a ausencia de rapazas que bulían cara as vilas e cidades.

A Prof. Dopico indica que urxe reflexionar sobre a organización do tempo de traballo, porque non se pode ter fillos se non tes tempo para estar con eles e educalos.

Tamén dende o público sinálase que no eido demográfico, en Galicia sempre se mesturan dous problemas relativamente relacionados, pero distintos, como son a propia caída dos nacementos en toda Galicia, tanto rural como vilega e urbana, xunto con outra cuestión como é o despoboamento do rural, e que iso non axuda a atopar solucións.

Ao cabo, sendo xa as 22:00 H., D. Xabier Fortes pecha este Foro de Pontevedra, agradecendo a todos as súas intervencións e asistencia.

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

Foro de Vigo

(13.XII.2012, 20:00 H. Biblioteca Pública Central, R/ Joaquín Yáñez, 6).

Intervintes:

- D. Santiago González Avión (Sociólogo).
- D^a Natividade López Gromaz (Economista – Gabinete Técnico da CIG).
- Prof. D. Xosé Manuel González Reboredo (Etnógrafo. Museo do Pobo Galego).

Moderador:

- D. Xosé María Palmeiro (xornalista).

Despois da presentación formal do acto, D. Xosé María Palmeiro fai unha síntese da grave situación demográfica de Galicia, que cualifica como “decrecemento” antes que “crecemento negativo”, porque se en 1850 a poboación galega era o 11% do total español, hoxe rolda o 6%, incidindo nas vagas migratorias previas á recente caída da natalidade. Lembra que este é un problema moi serio, tal como o avaliou o Parlamento galego en 2010, ó crear unha Comisión non permanente para abordalo, sen que ata o de agora se avanzase. Por outra banda, salienta que o problema demográfico galego atópase nun círculo vicioso para o debate social, xa que non hai oferta abonda de información nos medios, porque non hai demanda dende a sociedade, e viceversa. Non obstante pensa que aínda hai esperanza porque, citando a Bertholt Brecht, nos tempos sombríos hase cantar tamén.

Enceta de seguido D^a Natividade López Gromaz. Salienta que Galicia ten unhas especificidades dentro do contexto europeo que cómpre examinar. Indica que a finais da década de 1970 a taxa de ocupación laboral das mulleres galegas era alta (arredor do 45%), anque fose polo seu peso no sector primario, un sector no que era máis doada a conciliación familiar e o coidado ós anciáns. Despois, cando cae en picado o sector agrario galego, tamén se reduce a taxa de actividade feminina, seguida dun incremento do paro entre as mulleres e co derrube da fecundidade. Para contrarrestala tampouco se creou unha rede de servizos públicos que axudara a mellorar a reincorporación da muller ó mundo laboral. Sen estes alicerces, cando volta medrar a economía (1995-2008), e nun entorno xa maioritariamente urbano, non hai posibilidades de ter fillos pola ausencia de servizos para conciliar traballo e familia. Pon o exemplo do acontecido en Vigo, onde tiveron que ser as nais as que organizaran os comedores escolares nos colexios públicos, porque a Administración non o facía.

Engade a Sra. Gromaz que a escasa fecundidade existente en Galicia aínda é a costa dun grande esforzo das mulleres, que aturan unha enorme inestabilidade laboral con flexibilidade extrema, por exemplo combinando medias xornadas e volta ó desemprego cadrando co verán, cando non hai escolas. Neste panorama, sen estabilidade económica e adoecendo de falla de redes públicas de apoio, moi poucas parellas galegas se poden animar a ter fillos.

Se a ese pésimo escenario de fecundidade se lle suma agora a emigración de xente nova (arredor de 75.000 galegos en 2009), ou sexa, de xente en idade de ter fillos, as perspectivas aínda empeoran. Lembra a Sra. Gromaz que só no último ano emigraron máis galegos que nenos naceron en Galicia. Asemade, ilustra a gravidade da situación para as nais indicando que só nos servizos da CIG reciben entre dúas e tres consultas diarias por atrancos durante o embarazo. Por exemplo, no sector do textil-moda despídese ás mulleres embarazadas, ou as que quedan son retiradas ás trastendas e almacéns.

Daquela, conclúe a Sra. Gromaz, hai que apostar polos servizos públicos, anque a dispersión da poboación galega non contribúa a conter os seus custes. Trátase dunha cuestión de prioridades como País para seguir existindo e saír adiante.

Rematada a intervención de D^a Natividade López Gromaz, o moderador dálle a palabra ao Prof. González Reboredo. Segundo el, a humanidade sempre se moveu entre dous polos demográficos contrapostos: ter moita poboación era malo, porque se consumían axiña os recursos dispoñibles, pero ter pouca poboación tamén era malo, porque así non se podían aproveitar axeitadamente eses mesmos recursos (tanto naturais como socioculturais). Ilustra

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

este paradoxo coa referencia aos cultos á fertilidade dende a Prehistoria, encamiñados a fomentar a natalidade entre outras cousas, e, no outro extremo, os Esquimós, ou os Toda, grupo étnico da India, que practicaban o infanticidio feminino como recurso para controlar a poboación. Na Galicia tradicional, por poñer un exemplo sinxelo, recorríase inconscientemente ó matrimonio serodio, normalmente posterior aos 25 anos, sendo ás veces mesmo uns dous anos maior á noiva que o noivo, para reducir o período de fertilidade da esposa. Mesmo apunta que hai autores franceses que teñen falado da existencia na Europa do Antigo Réxime dun “infanticidio por desleixo”, en especial sobre os fillos máis serodios, feito que quizais tamén se dese en Galicia. Outro mecanismo de control histórico da natalidade era a prolongación da lactancia porque reducía a probabilidade dun novo embarazo.

No mundo actual, segundo o Prof. Reboredo, hai un crecemento alarmante da poboación en relación co actual sistema de reparto/xeración de recursos ou coa presión sobre o medio natural, pero en Europa a situación é a inversa. En concreto, en Galicia, xa somos demasiado poucos e por riba demasiado vellos para garantir un futuro razoable.

Sinala o Prof. Reboredo que a caída da fecundidade galega arranca con forza na década de 1960. Como sucedeu noutros países de Europa, o éxodo rural de hai medio século favoreceu que a muller galega, sometida a unha vida pouco agradable no ámbito rural, fuxise do agro xunto cos homes, un agro que agora idealizamos pero que era durísimo para as mulleres. Así, as galegas marchan cara as cidades, fóra de Galicia ou na mesma Galicia, non a outros contornos rurais, e comezan a entrar no circuíto do traballo asalariado, no que ter fillos pode converterse nun atranco persoal ou profesional. A familia enfeeblece como institución social, demandando que o Estado e maila sociedade fornezan servizos como garderías e residencias para anciáns. Por moito que se fortaleza a familia como refuxio para a reprodución de seres humanos, na circunstancia actual a realidade demostra que ten que ser a sociedade, coa colaboración activa do Estado que a representa e orienta, quen asuma a obriga de lograr unha estratexia de natalidade equilibrada, pois as mulleres non poden limitarse a seren coidadoras de nenos e vellos como eran antano. Daquela, as solucións á baixa fecundidade galega pasan principalmente por compensar ás nais, pero como isto non se formula debidamente na actualidade, nin semella formularse a curto prazo, o profesor González Reboredo declárase pesimista cara ó futuro do País.

A continuación, o moderador dálle a palabra a D. Santiago González Avión. Este enceta lembrando como sociólogo que na medida en que se alonga a esperanza de vida xa non se precisa ter unha gran prole. Galicia atópase así na segunda transición demográfica como sociedade desenvolvida. A mala nova é que agora Galicia estase despoboando, desfecendo un modelo histórico e milenario de distribución territorial que dá vertixe. Vellos que se criaron xogando con moreas de nenos, hoxe nin sequera teñen veciños na casa do lado. Rómpeuse deste xeito a tradicional vida comunitaria. Relata esta transformación ilustrándoa con casos de anciáns no rural que cadran unha vez por semana na Igrexa e que logo botan días mortos sen que ninguén se decate, ata o vindeiro domingo.

Para o Sr. González Avión, asistimos ademais a unha catástrofe engadida. Xa non é só que Galicia perda poboación en termos relativos dentro de España, senón que mesmo perdemos cidadáns galegos en termos absolutos. Por riba, os nenos galegos nados agora sofren ademais unha enorme desigualdade social. A pobreza infantil medra: temos poucos nenos e en familias con grandes necesidades económicas. Velaí como os retos desta fenda demográfica son difíciles de manexar, porque tampouco temos as ferramentas axeitadas.

O Sr. González Avión analiza logo os factores que inciden na baixa fecundidade galega, e agrúpaos en factores económicos, institucionais e culturais.

Sobre os factores económicos pregúntase se Galicia ten peores indicadores que, por exemplo, Nixeria. O público e a mesa conclúen que non. Pregúntase despois se a Europa setentrional está mellor que nós no eido económico. Conclúese que si. Pregúntase finalmente se en termos económicos está mellor o Norte de España có Sur de España. Conclúese que o Norte de España está mellor no económico, pero que en termos demográficos, e sobre todo de fecundidade, resulta que o Sur de España está mellor. En síntese, Extremadura e Andalucía

Foros sobre <<Natalidade e vellez en Galicia. Un pobo con pasado, un pobo con futuro?>>, do Museo do Pobo Galego –Instituto de Estudos das Identidades–

fican por detrás de Galicia en renda pero van por diante en fecundidade. Daquela, o Sr. González Avión sostén que só o factor económico non explica as diferenzas de fecundidade, senón que tamén operan factores institucionais, como é a distribución da propiedade fundiaria: en Galicia é de pequenos propietarios, mentres que en Estremadura e Andalucía hai maioría de xornaleiros sen terra, máis prolíficos.

Prosegue o Sr. González Avión subliñando que na Europa meridional consensuouse ao cabo que os vellos merecen apoio institucional (pensións, residencias, ...), pero non se chegou consensuar como na Europa setentrional que os nenos tamén merecen apoio. Se cadra inflúe un escaso altruísmo social, porque todos os adultos imos ser vellos pero non volveremos ser nenos. Ese consenso cara ós nenos que existe na Europa setentrional, tanto nos partidos socialdemócratas como nos conservadores, non existe aquí. Velaí un factor cultural importante.

Salienta o Sr. González Avión que os pais/nais son penalizados na distribución da renda e na promoción profesional. As capas baixas da sociedade, por riba, teñen máis fillos que as máis altas, o que intensifica o drama da pobreza infantil. No fondo, indica, os galegos estamos nun estadio cultural similar ao das tribos guaraní, que seica ó chegar os conquistadores portugueses e españois crían que rematara o seu tempo histórico, e que por iso acordaron deixar de reproducirse e mesmo suicidarse. Os galegos padecemos un pesimismo antropolóxico que cómpre combater para saír desta situación, porque a medida que perdemos poboación vaise dando un fenómeno de exclusión territorial, que provoca que o baleiro, a nada, medre e vaia ensumíndoo todo.

Porén, o Sr. González Avión propón unha estratexia que encete pola toma de conciencia social, e continúe coa recuperación demográfica de territorios despoboados, porque a xente maior que aínda fica neles ten aforros pero non ten servizos imprescindibles, que unha vez ofertados poderían servir para atraer xente nova. Ademais, cómpre tomar decisións institucionais serias de transferencia de renda cara ás familias, como se fixo noutros países, quedando case todo por facer no eido fiscal e tributario.

Rematadas as intervencións, o moderador –Sr. Palmeiro-, abre o debate entre os membros da mesa. D^a Natividade López Gromaz reafirma que, en efecto, nada se ten feito no eido da fiscalidade, e que pode facerse canto antes. Ademais salienta que entre o empresariado hai un verdadeiro terror cara ó embarazo das traballadoras, o que as desanima. O Sr. González Avión subliña pola súa banda que no eido tributario, a igual renda dos proxenitores, as familias con fillos son discriminadas, aturando unha carga fiscal directa e indirecta moito maior, aturando por riba moitos atrancos para a promoción profesional por escaseza de tempo e oportunidades.

Dende o público obsérvase que por non terse feito, nin sequera se teñen feito estudos oficiais sobre os custes directos e indirectos da tenza dun fillo, o que impide deseñar con seriedade medidas compensatorias para as familias que asumen esa responsabilidade. Tamén se salienta a discriminación que iso provoca, e como contribúe a empeorar a vergoña da pobreza infantil en Galicia.

Ao cabo, sendo as 21:45 H., o moderador da por pechado este Foro de Vigo, con agradecemento ós presentes.